

Estimadas familias:

O obxecto da presente carta é trasladarvos a información que non tiñamos dispoñible na reunión que celebramos o día de comezo do curso: o horario de cada grupo do centro, a relación de profesorado que lle imparte clase, o calendario escolar e as horas de atención do profesorado ás familias.

Lembrámosvos a importancia de estar en permanente comunicación co instituto. En primeiro lugar, a través da **titora ou titor**, que é a persoa que mellor coñece ao voso fillo/a. Ademais, o equipo directivo, o departamento de Orientación e o conxunto do profesorado do centro dispoñemos dunha hora semanal de atención da que podeades facer uso en calquera momento.

Para entrevistarvos coa titora/or, coa orientadora ou con calquera outra profesora/or, e co fin de podermos organizar as reunións e preparamos adecuadamente, debes concertar unha cita con antelación a través de:

- **ABALAR MÓBIL**
- Da vos filla/o
- Por vía telefónica

Teléfono do centro: 982870666 Correo elect: ies.ribadeo@edu.xunta.gal	Horario da Secretaría: de 08:30 a 14:00 h.
--	---

As avaliacións que se realizan ao longo do curso están sinaladas no calendario escolar publicado na páxina web. Os días posteriores ás avaliacións publicaremos as cualificacións en ABALAR MÓBIL. En caso de non recibirdes as notas nas datas previstas, pregamos que vos poñades en contacto co centro.

Recordade que a partir deste curso a **avaliación ordinaria** realizarase a partir do día **6 de xuño**, é dicir, o alumnado que supere todas as materias remataría a docencia propia do curso (ten a obriga de asistir ao centro para recibir actividades de reforzo e ampliación ata o día 22). O alumnado que a partir do día 6 de xuño non supere algunha materia deberá recuperala na **convocatoria extraordinaria**, é dicir, **entre o 20 e 22 de xuño (non hai convocatoria de setembro)**.

Festivos de carácter local solicitados polo centro: martes, **7 de decembro** e luns, **16 de maio**.

Canles de información coas familias:

- Utilizárase como medio de comunicación prioritario coas familias: **Abalar Móbil e páxina web** do centro.
- En caso de que algunha familia non teña acceso a medios dixitais empregárase a comunicación telefónica.
- No caso de non poder localizar a algunha familia por estes medios enviarase correo postal certificado con acuse de recibo, e de persistir a imposibilidade de localizar a unha familia pedirase a colaboración da Policía Local do Concello de Ribadeo para a localización e transmisión da información.

Recíbide un afectuoso saúdo en nome de todo o equipo educativo do instituto.

Director



Modesto Refojo Alvaríño